



Concello de **OURENSE**

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, 24 de novembro de 2017

Visto o informe-proposta, de data 17 de novembro, elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en funcións (Decreto nº 2017007323), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita polo Concelleiro delegado de Urbanismo, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 25-T/2017, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 1

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N130.1510.60903	Expropiacións diversas Urbanismo	431.751,14
Total Transf. Positivas:		431.751,14 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N230.1500.12100	Complemento de destino Urbanismo	125.000,00
N230.1500.12101	Complemento específico Urbanismo	216.751,14
N230.1500.16000	Cota patronal S. Social. Vivenda e Urbanismo	90.000,00
Total Transf. Negativas:		431.751,14 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

